

IV Convenio Único para o persoal laboral da AXE

COMISIÓN PARITARIA DE XANEIRO

Os aspectos máis destacados da última COPA, son os seguintes:

- ⇒ **Continua a incorporación de persoal a través de sentenzas xudiciais.** Quedaron aprobados dous expedientes de encadramento derivados da execución de sentenzas por **cesión ilegal de traballadores**. Estes son os efectos da “**Externalización**” de servizos a empresas privadas de tarefas que deberían realizar empregados públicos. Esta práctica estase a converter nunha **nova modalidade de acceso ó emprego público**, ante a total pasividade de quen ten que velar pola legalidade. A ver se algún día, as persoas que o permiten, ou fomentan, pagan por elo.
- ⇒ **Complementos.** Non paran de chegar propostas de actualización ou asignación de complementos financiadas coa **amortización de postos**, ate o punto de que nalgúns casos xa non quedan postos para amortizar, polo tanto tampouco para ofertar en concurso ou oferta. A CIG oponse a esta modalidade de financiación, que non, á asignación de complementos cando son necesarios. **Pan para hoxe, fame para mañá.**
- ⇒ **Acordo de novos complementos para o persoal laboral de Institucións Penitenciarias.** Ratificamos o acordo que actualiza os complementos E5 para o persoal laboral de prisións en cumprimento do acordo da Mesa Xeral para esta entidade.

GRUPOS DE TRABAJO:

- **Xubilación Parcial.** Seguimos sen data nin propostas para a adaptación do noso acordo ó Real Decreto-Lei 11/2024 en materia de xubilación. Instamos a Función Pública a poñerse as pilas, xa que entra en vigor en abril e supón importantes cambios para a xubilación parcial, sobre todo na contratación de relevistas.
- **Traslados.** Publicada a resolución do derradeiro concurso de 2024 do Anexo I e a convocatoria do primeiro deste ano. O concurso do Anexo II tamén está a piques de saír, e comprométense a publicar a primeira convocatoria de 2025 en breve. Tamén están estudando a posibilidade dun concurso extraordinario para o Grupo E0, desde a CIG insistimos no dereito deste persoal a participar nos concursos ordinarios e na promoción interna.
- **Ofertas de emprego.** Desde Función Pública quedaron en convocar este grupo de traballo, debido ós problemas existentes coas ofertas de emprego de persoal laboral (retrasos e falta de cobertura de moitas categorías), pero aínda non existe data para a convocatoria nin proposta algunha da Administración. Nos xa fixemos as nosas achegas fai meses.

Lembrede que tedes máis información sobre os asuntos que atinxen ó persoal da AXE na nosa nova páxina web <https://www.cigadmon.gal/estatal> e podedes contactar connosco no correo ó pe desta nota